



OU ZANFONA SEMANAL—D' ALEGRIAS OU DE BÁGOAS,—SEGUN QU' O POBO GALLEGOS' ADIVIRTE, CANTA OU LAYA.

#### PRECIOS DE SUSCRICIÓN

N-a Cruña, OITO cadelos pequenos ó mes.—Fora NOVE id.—Número solto UN can grande

#### OS ADMINISTRADORES RUMBOGOS

Non hay refran que mais gráficamente retrate os qu' administran o caudal alleo qn' aquel que di: "A conta d' o padriño rebandas ó affillado".

¡Cántas numerosas crases de funcionarios de todolos órdes agasallados quizais por mór de qu' o puñadiño de miles de pesetas que perciben ó ano non lles chegue pra vivir!... Cuase todolos anos se cão n-a conta de qu' éstes ou os outros emprendidos están mal retribuidos, que non viven c-o decro qu' á xerarquia, méretos ou servicios corresponde e hastra miñas xoyas! qu' están morrendo de fame, e jás! empúñase o coitelo, cóllese o o hastra hoxe inagotabre pan d' o presupuesto e alá vai unha rebanda mais de contrapeso, anque nos degore a denteira os que por habelo amasado c-o sudor d'a frente sabemos o que custa e val, e d' os diaños si alcanzamos á ver a equidá e a xusticia d' esas continas subas.

Pro agora cayo n-a conta de que non era esta a materia qu' eu me propoñía tratar, sinón outra moi des-tinta.

Vostedes sabrán qu' ó discutirse n-o auntamento os presupuestos d' o próximo ano económico presentouse unha proposición n-a que se pide que s' aumenten os sueldos que n-a actualidá disfrutan o sacratario e os médecos que sirven as duas prazas de nova creacion.

Fündase o aumento de sueldo d' o pirmeiro en qu' habéndose rebaixado en 6.000 reás que se destinaron á costear a xubilacion d' o señor Ripamonte, e negándose o gobernador o ano pasado á aprobar o presupuesto en qu' esa partida figuraba, débase elevar dito sueldo ó que denantes era.

O aumentarll' ós segundos non obedece a mai razón

qu' á que poíderamos chamar "dínida profesional", pois non ten mais ouxeto qu' equiparar os sueldos l' éstes ós d' os médecos que x' había.

Eu creo—e conmigo todos cantos contribuyen ó sostemento d' as cargas municipás—qu' estando a causa, a caixa e hastra o queixo municipal tan cheo de buratos, o punto de mira pr' os concexos debe ser a maior aconomía posibre, e conciliando este *deber supremo* c-o que se debe á equidá e á xusticia, e ó ouxeto de non dar nin remotamente mar xen a *antagonismos* (!), en vez d' igoalar os sueldos pequenos ós mais grandes con grave perxucio d' o presupuesto, rebaixar estos hastra equiparalos ós menores, aproveitando así unha boa ocasión de facer algo d'o moito que debera facerse en prod' as aconomías que reclam' a opinión pública e quedando d' esta maneira n-o seu lugar a dinidá profesional, úneco ouxetivo qu' ó parecer se persigue.

N-o que responta ó sueldo d' o secretario, posto qu' houbo persoa tan desintresada que se prestou xenerosamente á servir a praza con menos retribucion, o aumentarll' agora seria en demérito de conduta tan laudable e firiría seguramente sua susceptibilidá, anque non fose mais que por aquello de "O maór xornal debe ser pra maior trabalho".

Por último, téñase presente qu' as prazas de médecos proveéronse por concurso e que por consiguiente os opositores á elas verán satisfeitas suas aspiracions con sol' o cumprimento esauto d' as condicions en que foron anunciadas.

A tod' o mundo gustan as persoas rumbosas; pro esto de botar fachendas c-o que pertenece á outros, por moi xeneralizado qu' esté non deixa de ser protestado pola opinion, pois descobre en quen o fai certa confi-

sion d' ideas con respecto á propiedá qu' o induce á crér qu' os caudás que manexa son propios, e non d' ese mentor tan malventurado e tan bonachon chamado pobo contribuente, esquenecendo qu' o deber mais imperioso en queu os administra é non desperdiciar ocasión de facer aconomías.

## LERIAS

— Pois como lle von dicindo, non ll' hai cousa mais certa qu' os refrás.

— Vexamos.

— Por exemplo: "O qu' estuda, sempre sabe".

— Non é mullor astante.

— N-a vila todo se fai por homes leflos e sabidos, e así salenll' as cousas ó direito.

— Fala craro.

— Xa sabe vosté qu' eu non entendo de *retólicas*.

— Bueno, pois espícate.

— Von aló; nosentros n-o mes de Nadal ou Xaneiro podemos os álbres, é dicir, quitámosles as ramas secas, as que teñen pouca forma, as que chicanamos ladrós ou as que nos privan algúnta cousa.

— Así fan todol os podadores.

— Non señor: acó n-a vila van mais aló, pois como sabré o tempo qu' lia de facer n-o vrau podan con arregrá á él; e sinón vexámolo. Sorian qu' este ano non había de facer calor, e pedaron os álbres d'os paseos pra que dán sombra aló n-o mes de Setembre, qu' é cando xa empez' a caída d' a folla, e non privar os pásantes d' unha *rayoliña*, que nunca ben mal anque seya n-o mes de Santiago.

— Tí querías qu' o paseo de Mendez Nuñez, por exemplo, tivese tanta sombra como teñen as carballeiras e os soutos d' a tua aldea.

— Craro.

— Eso non pode ser.

— E por qué?

Porque si se podaran d' a maneira que tí dis non estarían tan bonitos e igoas.

— E verdá, e non parecerian feitos ó *torno*.

— Aquí com' o vrau é curto, téñese mais en conta a vista qu' a sombra.

— Así débelle da ser; pro eu querolle mais axiña sachar tod' o dia n-o maiuzo qu' estar sentado duas horas n-o xardin.

— Deixa, qu' agora vano á poñer c-o novo preso-posto....

— Tembro!....

— Qué?

— Cada ves qu' oyo esa palabra.

— Pois testo qu' ir aliciendo, e non á eso solo, sinón á pagalo, qu' é algo pior.

— E o dia—que non está lonxe—que non poidamos pagar?

— Esa é unha d' as perguntas que me fago á min mesmo ó ver o aumento que toman todol os anos, e á que non m' astrevo á contestar.

— Pois eu si.

— Vexámolo.

— Ese dia convírtense a nosa terra en un hespicio pr' os nenos o n' un asilo pi' os vellos.

— E que traballen os mozos.

— Si, pro n-outra terra, en donde atopen más agarmo, e donde lles luza mais o seu traballo.

— Von vendo qu' eres partidario d'a emigracion.

— Líbreme Dios; pro como se van poñendo as cousas é imposible poder enterrar os fillos n-a mesma cova donde s' enterraron seus pais.

— Non sei qu' herba tripache hoxe, que tan agoirado ves.

— Ningunha. O que si deime a y-alma o ver que persoas tan leidas auden buscando remedios pra curar o mal d' a emigracion, e ese remedio non aparece sinón queren qu' apareza.

— Pensas ti que si diran co-él non o houberan apicado xa? Pouco que checavilan e estudian!

— Téñeno n-a man,

— A ver, espícate.

— Con vostede fareino, que m' entende. Sabe demasiado qu' a metá d' a cosecha núnca chega pra pagar a renda ós amos. Que d'esta, xa algo mermada, temos que pagara territorial, que digan o que queran, entre apremios e outras cousas sabe ó 25 per 100. Que logo ven a de consumos e sal que nos leya outro vint'e cinco, pol-o que non comemos nin bebemos, pois a carne xa sabe cando a probamos, e o viño, si algun dia caemos n-a tentacion d' entrar n-a taberna, está tan alt' o precio que por mais que nos estiremos non chegamos á él. D' as cédulas non falemos, porqu' o dia menos pensado fánol-as tomar hastra pr' os brios e outros animás. Conque bótell' a conta e verá o que nos queda pra comer, vestir, calzar e outros gastos propios d'o que ten familia.

— Tés razón; pro non negarás que parte d' a culpa tédelas vosoutros.

— E en qué?

— En que cando hay aleuciós ides votar deputados que nin siquera conocedes de nome, e solo por cumplicar ó cacique, qu' é o animal mais fero que Dios botou á este mundo.

— E que cando vai á vila, sen vostedes os pirmeiros en axudalo á salir d' algúnhha lameira dándoll' a man pra que non s' afogue en vez de deixalo donde él se meteu: eso cando noz s' honran co-a sua amistá, como lle pasa á un qu' en conezo e vive n-esta cibdá, qu' á pesar de ter feito amigrar á metá d' os labradores d' o aumentamento pra librarse d' a sorte que lles coupo á outra metá de ser encausados criminalmente e teren embargados todol os seus bes, cando salen de paseo quitanlle o sombreiro hastr' os pés e salúdanlo con tanto respeito como si houbera pasado tod' a sua vida facendo ben á humanida.

— N-a maneira que tés d' espícarte, paresce qu' andiveche n-o medio d' eles tod' a tua vida.

— Por fertuna, e en boa hora sea dito, non xiven que pelear con ningun; pro vex' ós demais, e tamen estúdio ó meu modo.

— Pois estudia d' esa maneira, e pide á Dios te libre  
d' éles como d' os cás doentes.

## CÁNTIGAS

### MINGUÍÑOS DE BUSTO.

Era Minguchiño  
rapás moi astuto,  
dereito e pequeno  
o mesmo qu' un fuso,  
brincaba co-as mozas,  
botab' aturaxos,  
era, en fin, o garrido d' as nenas  
víciñas de Bustos.

Contaba d' aquela  
quince anos non xustos,  
mais o tempo corre  
como corre o mundo,  
sin deprocatare  
d' a vellez y-o uso,  
e chegou á ter noso Minguiños  
d' edá cinco lustros.

Naid' adivinara  
ó velo tan curto  
que fos' aquel rato  
ton fort' e peludo,  
pois a Natureza  
tivera o discurso  
de facelo cal fai ó carrasco,  
baixiño e folludo.

Soil' as raparigas  
ó andar co-él á tumbos,  
sin decil' á naide  
viraban coor ruibo  
vend' a deferencia  
que tiña Minguchos,  
pois botándoll' a man pol-o corpo  
parescia un burro.

Chegou certo dia  
d' un mes que non xusgo,  
mais recordo qu' era  
a quinta d' o ano último  
en dond' o governo  
pedira un gran cupo,  
e tocoulli' á "Domingo Fernandez"  
o pirmeiro número.

Mideus' entr' as risas  
d' o xoven tumulto,  
pois c'os zocos postos,  
sin tiral-o pucho,  
dou seis coartas d' alto  
dend' o piso ó crato,  
ademas parescia gruebado;  
pro esceucion non puxo.

Camiñou á Cruña  
moi teso e moi rufo,  
e-o morral ó lombo  
e n-a man un buxo,

cantand' o ala-lá-la  
á estilo de Muros,  
e parou n-a pousada que chaman  
de José, o Patndo.

Amañee' o dia  
e tan presto puido  
c-eos mais compañeiros  
foise tamen xunto  
hastr' un gran palacio  
onde d' un rincuncho  
ven saír car' á él un sarkento  
que lle dix' ó punto:

— Non teñas reuelo  
que por vinte duros  
quedarás tan libre  
com' o aire puro  
que remoscallea  
só os cotos d'os burgos.—  
Mais Minguiños pónendose dreito  
presto lle repuxo.

— Vaite d' ahí, larpeiro,  
que non teño bulso  
pra tirar ós paxaros  
o millo mundo,  
sonche moi pequeno,  
mais non me dan susto  
o escolmo e quintas que veñan  
con grande barallo.

Pro d' alí a pouco  
un home barbudo  
chamouno pr' a talla  
qu' estaba n' o curro  
d'a súa, e de lado  
o sarkento adusto,  
e uns ollos que lume botaban  
cal gato montuno.

D' aquela meu Migos  
treimbou com' un xurco  
e dixo pr' o sayo:  
— Agora xa sudo,  
ó ver d'o sarkento  
tan fero cabugo  
eu non sei que me ven ás narices  
que cheir' á difunto,

Co-as orellas baixas  
amodiño anduvo  
hasti' o pau nomeado  
forca d' os cazarros  
dond' o d' os galós  
facend' ó verdugo  
meteull' unha rodela n-o vientre  
qu' o estricab' á pulso.  
— Aquí eu te quero,—  
diciall' o bruto  
moi baixo, e Minguiños  
loitaba cal euclo  
que d' o matadeiro  
vé o gancho y-o chuzo  
e cramab' á voce, réucas: sóltame  
que sinon te furó.

Pr' o militar

abranxendo duxo  
levantonno en peso  
e 'spreméndoll' o unto,  
mentras de patadas  
o enchia o tapuxo  
dixo: "Talla de uno quinientos  
y cincuenta y uno".—

—Señores, portesto,—  
berrou o quint' ó púbrico.  
Vou morrer e-o estruque  
que me dé o segundo,  
quer ser mais que Dios  
teed' o raro gusto  
de ficer o qu' ainda El non fixo,  
darme mais tallado.

Naide lle dou créto,  
quedouse asi o asunto  
e drento d' uns meses  
mirábase un túmbalo  
rodeado de belas  
n' aldea de Bustos,  
y-as rapazas chorando gritaban:  
"¡Adios meu Mingacho!"

CARLOS POL CAAMAÑO.

## Ó MÓR D' A KAREIRA

### A BURATA D' O INFERNO

(CONCLUSION)

A sua vista, e non querendo gastar en valde as forzas e o coraxe que reservaba pra emprealo en contra de seu odiado señor, retrocedeu percurando acultarse; pro non poido facelo tan asilla qu' os guerreiros non se decatasen, e parecendolles mais sospitoso pol-a manobra que lle viran executar caeron s br' él espada en man con tanto émpetu qu' a bisarma qu' empuñaba rodou ben pronto pol-o chan, vénzose obrigado á entregarse ó sentir espetárselle n o peito as aceiradas puntas.

—Quén eres tú, e qué facias aquí á veira d' os muros ó parecer buscindo por onde escalalos?—lle perguntaron namentras trincábanlle fortemente os brazos á espalda.

Tra respondervos—repricou él trocando arabea en mansedumbre y-erguendo á eles os ollos supri-  
cientes,—é nazasario que me digades denantes, e vol-o rogo pol-o amor d' as vosas mulleres e fillos, si sabedes d' unha rapaza... si a trouxeron á ese castelo...

Unha caraxadá xeneral heloull' a palabra n-a boca e veu á convencelo de qu' as suas sospitas non o engañaban; cando se fartaron de celebrar un feito que quizais pol-o moi ripitilo parecíalles unha chanza, tomando un d' eles a palabra, dixolle:

—Pois mira, si é muller, hirman ou deuda túa hotalle un galgo, porqu' é moi sabrosa presa pra comida d' unha sola ves e hásche quedar d' él o que

o lobo deixa d' a ovella. Ademais de que non damos un maravedí pol-a sorte que t' agoarda, por espíñ e resistirte ós feles servidores d'o señor de Casasueva. Conqu' así bota pr' a liante e vaite perparando pr' o que veña

E xuntando a aucion á palabra dironll' un rempuxon qu' o obrigou á poñerse en movemento en direitura ó castelo, atopándose pouco despois n-a presencia d' o fero castellano, quen namentras es-  
co itiba de boca d' os soldados a relacion d' dónde e por qué fora preso, pareciu querelo degorar e os ollos: o xoven tamen pol-a sua parte mantinase fero e lanzáballe miradas n-as qu' iba envolto to l' o co-  
raxe qu' enchia sua y-alma, e desimuladamente fa-  
cia esforzos por romper as ligaduras que suxetaban seus brazos hasta qu' axuntando n'un d' estes to-  
do seu ánemo fixo saltar en ánacos as cordis e sin que nadia poidese impedilo brincoou sobr' o señor encravándoll' as unllas n-o pescoco ó mesmo tem-  
po qu' escramaba:

—Tí, tí erel-o ladron d' a miña filialá e d' a miña honra, e aquí vas morrer com' un can!

E así houbera sido de fixo si non estiveran ali pra evitalo tantos homes armados: uns botáronse á despechalo no q' os seus de los fixeran n-a gor-  
xa e que de durar uns segundos mais libraban ó mundo d' unha fera, e outros desenvainaron as es-  
padas descargando sobr' as costas d' o xoven unha chuvia de golpes de prano e corte, consiguendo en-  
tre uns e outros suxetalo e amarralo tan fortemen-  
te como poidera facerse c' un touro.

Apenas o señor de Casasueva erguido d' o chan pol-os serviciás satélites recób ou o ánemo, orde-  
don con voz rouca e ademá descompostos qu' ensi-  
guida s' apricasen ó sacrilego agresor cen azoutes, mentras se discarria o xénero de morte que se li-  
había de dar.

Tod' o que vai relatado tiña lugar n-o patio d' o castelo, sobre o que caía unha ventana enreixada tras d' a que melio viase asomar a cabeza d' unha muller que quizais atraguida pol-o roido d' a escéa qu' ali alzurria osforzábbase en valde porenteirarse: o xoven coitado á quen n-aquel momento estaban espindo de medio corpo arriba pra sofrir os azoutes, ergueu hasta a vista, e ó atoparse as miradas d' entrambos; doux gritos d' angónia fuxiron d' os seus peitos, e sintiu-se caer alá arriba un corpo des-  
promado n-o chan; aquela era sua muller, qu' esta-  
ba aprisionada n'unha estreita cámara somellante á un calabozo, y-entrambos habíanse reconociido.

A infame sentencia cumpreuse sin que d' a boca d' o xoven salira o mais pequeno layo, quizais por qu' os agudos dolores que sentia non repercutisen n-aquela outra metá d' a sua y-alma que n-aquel trance non quixerá ter tan preto de sí; cand' os verdugos houberon descargad' o último azoute per-  
deu o conocemento, e n-este estado colleronlo entra-  
catro e diron c-o seu corpo n'unha mazmorra su-

terranea, d'a que non habia de salir sinon pra sofrir a morte; a auga sobre que descansaba seu corpo inanimado fixolle volver o sentido e co-él os agudos delores d'a y-alma que sobrepuxaban ós d'a materia, e entre roucos layos semellantes ós ruxidos d' unha fera oianse ó compás d'o rechinamento d' os dentes invocacíos á mesicordia de Dios e maldiciós ofensivas á mesma divinidá.

Con grande traballo e maiores delores púxose de rodillas e xuntando as más e levantando á Dios o espirto, fervorosamente pidieu.... non qu' o salva-se á sua muller e á él d'o france en que s' atopaban e lles devolveuse a filicidá perdida, sinon que lle concedese a satisfaccion d' unha venganza sin exemplo, esquenecendo qu' a man d'a Providencia non se manifesta pol os medios sobrenaturás chamados milagres, nin sempre impón os castigos acó abaxo e menos á medida d'o noso gusto.

As horas pasaban, a desesperacion crescia e o milagre non sobreviña.

— ¡Ai! — escramab' o sin ventura, — ¿quén, quén me proporeioaría o pracer de devolver mil tormentos por un ós qu' así racharon a miña y-alma e o meu corpo? Si o demo tivese tal poder dáballe en cambio miña y-alma.... sí, Lucifer, si é certo qu' eisistes, perséntate agora mesmo e ch' entrego este espirto qu' adeece co-a sede d'a venganza!

De súpito un vapor fosfóreco fendeu as tiniebras d' o calabozo; aquel vapor foise condensando e adquirindo a forma d' un home, con duas candéas por ollos, crellas longas com' as d' un cocho, unha perna d' home e outra qu' acababa en pezuña com' a d' un cabalo, e estendendo a man direita qu' era á maneira d' un gancho de ferro, hastra tocar n-o homem d' o xoven dixolle con vos qu' asuviña entr' os afiados colmillos:

— Aquí estou: ¿qué me queres?

Estremeceus' o home e puxéronsell' os pelos de punta, pro a pasion d'a venganza habiase encarnado n-o seu corazon, e sobrepoñéndose ó natural espanto respondeu con firmeza:

Pirmeiramente quero de tí que m' alivies estes delores qu' agora m' atormentan; que me devolvas as perdidas forzas e m' as aumentes hastra donde alcance meu poder; que m' axudes á tomar venganza d' ese home á quem ti deviche enxendar, e praleval' á cabo has d' adiviñar e obedecer meus deseos, e ali donde non chegou' o discurso meu suplilo tí co-a tua subiduria n-estas cousas.

— ¿E qué me dás en cambio de tantos servicios?

— Non oiche? Douch' a miña y-alma; pro escoita unha condicion; si ainda vive miña muller has de poñela en salvo antes

— Está ben: pois molla esta pruma en sangre d' as tuas venas e firma esta esqüirtura.

E o demo presentoulle un pergaminho negro n-o qu' había letras que parecian esquirtas con lume, e li' alargou unha pruma; tomouna él, pinchouse

unha vena e estampou nns garabatos n-o sitio qu' aquél indicou.

Ensiquida sintuse aliviado n-os seus delores, seus músculos convirtironse en palancas de ferro, e poñéndose en pé d' un brinco crebou as cadeas en pequenos ánacos; as paredes d'o calabozo franqueáronse por si mesmas, unha gran lumieira rodeou o castelo por todas partes e os habitantes d' él sorprendidos n-o mellor d'o sono corrian á refuxarse ó patio donde os esperaba o xoven ríndose co-a mais cumprida satisfaucion e seu compañoiro o demo; alí chegaron o despiadado señor, sua muller e a filla c-o espanto pintado n-o sembrante, e todos trincados rol-los codos como por obra d' o demo.

Este chuscoull' o ollo ó rapás que sintiu cruzar pol-a imaxinacion unha idea infernal.

— Nobre e polroso señor, — dixo, — ti me deshonrache n-a miña muller, e vas presenciar como todos teus servidores te deshonran n-a túa e n-a túa filla.

E este terrible suprio escomenzou sin que nadia poidese resistirse á forza suprema qu' os empuxaba, e á este sigueu outro e outros maiores executados pol-a propea man d' o esposo altraxado; e cando xa a fartura d'a venganza apodrouse d' o seu ánemo, subeun' o dem' o mais alto d' un torreón e lle dixo:

— Gózate como eu n-a túa obra os curtos instantes que che quedan, perqu' en cant' o lume haxa consumido todo canto hay n-o castelo baixarás conmigo ós profundos, y ese goce que sientes será o gusanio que mais cho roya ali a y-alma.

A lumieirada estendeuse estoncés por enriba de todo; oyouse saír un ruxido d' as entrañas d'a terra, logo un estrépito parecid' ó de moitos tronos xunto, abreuse esta burata que ves e por ela afundeu-se o castelo con canto había drento d' él.»

Concrueu o bó vello sua narracion cando xa iba anoitecendo, e foi tal a impresion qu' me cansou que figurábaseme ver saír d'a burata unha especie de fume, e percibin o cheirume d' o xufre.

Despois empuñando cada un noso pau escomenzamos á baixar en direitura á aldea qu' estábamos vendo com' á media legoa e donde nos esperaba a céa e o descanso.

A. V. T.

### CONFIDENCIAS D' UN RATO

— ¡Socorro! ¡socorro! ¡socorro!...

A estos berros dados por unha vos de frautia chílon que s' encravaba n-os meolos, despertei despavorido cando ainda estaba n-a metá d' o sono, decatándome de qu' unha numerosa colonia de ratos habían invadido a alcoba donde eu dormia.

Eu, sín que sexa botarmas de valente, non teño medo ós ratos; e hastra declaro que si non me son moi simpáticos pol-as rateiradas que fan, ó menos móvenm' á coreosidá, porque teño certas aficiós naturalistas, o modo de sér e vivir d' estes ladrós nocturnos.

Tan grande era o escándalo qu' armaban sin respeto á miña humana individualidá, que non poiden menos de pensar:

—Vaya; esta é unha revolución: os ratos, ó modo d' os políticos que nos comen e nos beben, prenunciáronse tamen.

Alcedin a lus para cerceorarme de si efectivamente os ratos representan tamen as comedias e traxedias políticas que nos, e quedeime c-un palmo de narís cóntemprand' o cuadro que s' ofreceu ós meus ollos.

Mais de duas ducias de ratós moi locidos e cheos á conta d' os descoidos d' as amas de casa tiñan acorralado á un semellante seu que polo pelado e as enrugas d' o seu corpo denotaba ser moy vello, como si dixéramos un membro inutil pr' o corpo social, e como tal condenado á morte, pois os ratos rixense n-esto pol-as leyes de Lieurgo.

Eu creyo qu' a caridá verdadeira debe ter commiseração por todal-as criaturas que sinten; e n-esta créncia intresem' en seguida por aquel probe reo, pois onde queira qu' a forca s' impón á dibilidá, eisiste a inxusticia.

Non tiven mais que facer que coller un lorchón de debaixo d' a cama e tiralo ó corro indisciplinado, pra que todos fuxisen, menos o rato *seusarenario*, que xa pol-a velles xa pol-a paliza que lle diran quedouse que do n-o sitio.

Erguinme e púxeme á contenprar aquel inválido roedor; estaba tan magoado que n-a miña concencia supuxen qu' era unha boa obra rematalo d' un pau. Iba á facer así, e n-o momento en que cimbraba o pau n-o aire oubiñ unha vóseciña com' a d' unha *laborca sábea*, que n-a mesma fala en qu' escirbo esta virídica hestoria, e con prenunciacion algo estranxeira dixome:

—Por todol-os dioses d' o mundo, non me mates!

—Que fariades vosoutros cindo falar á un rato? —Crierades qu' era unha meiga, ou trasno, unha y-alma d' outro mundo? Pois eu non creín mais sinon qu' era un rato..... estudiado e sabido, quizaes bachiller ou licenciado, e creín tamen qu' era caso de conservarlle a vida, e parrafear co-él.

—Rato de todol-os demos—dixenlle,—eres un espírito encarnado en tan cativo corpo; ou que deño eres?

—Non son mais qu' un probe rato que xa vai pr' as enerovas; pro a miña velles é tanta que non te podes figurar. Fun contemporaneo d' o celebre nigrománteco e manetizador Xosé Bilsamo, e á él debo a miña ionxibidá e o don de falar.

—Conta, conta!—dixenlle tod' admirado.—E si queres reponer as forzas pide por esa boca o que mais ch' apeteza.

—Pois dame un biscoito mollado en bó viño, qu' eso me dará refolgo.

A falta de biscoitos dinlle unha filloa resésga que sobrara d' o antroido, remollada n' un pouco viño d'a miña cosecha qu' é com' unha mistela.

Comeuna, lamense os bigotes, dou catro brincos pr' estirar os membros, e pratándose en riba d' a mesa n-unha postura ratoxil, mentres eu m' acomodaba n-o leito, escomenzou asi:

En pirmeiro lugar has de saber qu' eu non son español. Nacín n-as letrinas de Paris, que n-este gran pobo son nosa nacionalidá, dende á que temos millós de galerias que comunican co-as habitacions d' os homes. Aquí vin por un descoido meu, pois buscando unha noite que roer drento d' a ueña d' os fondos d' un banqueiro, un empreendo d' a casa qu' arrebañou os capitás, tróxeme metido n-un rollo de billetes de banco, escapándom' en por milagre n-o momento en qu' él, vénzose xa seguro n-estas terras, quixo contar os billetes.

Esto pasoume fai xa un puñado d' anos; e desde entón din n-a manía de viaxar, meténdome pra logralo n-os equipaxes d' os viaxeiros, e prefirindo sempre, ós que fuxian por política, pois estes como non lles cabe unha palla por salvo aparte, non están pra cazar ratos.

Asi foi que cando veu a Groriosa, clexin d' entre o fato de comilós que fuxian á queima, á Gonzales Bravo, acomodándome n' unha papeleria entre números d'o sen preódeco demagogo *O Guirigay* e órdenes d' arresto contra os liberás firmadas mais tarde por él.

!Cantos secretos d' Estado sorprendín revolvendo aqueles papés! Había en algúis tantas infamias que non m' atrevín á roelos por medo á reventar. En fin, cousas d' a política.

Chegamos á Paris, e comprendendo eu de qu' os paxarracos aquéles non deixarian de intrigar pra atrapar outra ves a granxeira que perderan, avicendeime n-o mueble c-o propósito de pillar os cabos soltos d' aquela madeixa.

Os poucos días xa soupen cal era o plan de campaña cotr' a democracia: fomentar a insurrección calrista; subrevir as capitales c-o agallo d' o cantonalismo, axudar ós filibusteros en Cuba; asesinar ós patricios que non se poideran comprar (como lle pasou á Prin); en fin, queimar, ensangrentar, enprobecer o país, pra qu' él mesmo pidise a pas d' as cadáeas.

(Continuaráse)

## FUNQUEIRAZOS

O percance que pasou con unha buceta, un d' estos días n-o Ferrol, vámol' á persenciar nosoutros, e con maiores consecuencias, si a autorida de marina non toma outras determinaciós, non solo cando arriba algun vapor, si non prohibind' o regateo drento da bahía, en botes tripulados por rapaces.

Pra d' aquela han de ser as medidas anérxicas, que namentres non hai pra que.

O viernes d'a semana pasada douselle sepultura n'

veciña cibdá de Betanzos, ó cadavre d'a señora doña Adelaida Molezun de Lissarrague.

Acompañamos n-o seu xusto delor á tan apreciabre familia, por perda tan irreparabre, e deseámossll' a resinação que fai falla pra estos tristes casos.

O lus pol' a mañan, declarouse un encendo n-a chaminea d' unha casa d' a rua d' Orzan.

Anque non fixeron falla, persentérónse ós poucos momentos e en temp' opertuno, un cabo e doux bombeiros de quen sentimos iñorar os nemes pra pubrilealos pol' o celo e delixencia qu' amostraron n-o cumprimento d'o seu deber.

Moito nos honra e hagasalla o ver traseritos n-as columnas d' o noso ilustrado colega „O Tio Marcos d'a Portela”, modestos traballos da nosa redaccion, por qu' esto constituye pra nosa mais valiosa aprobacion; pro céños que debido quizais á omisión d' os caixistas, non aparezan aqueles c' o pé correspondente, que consiste n-a firma e titalo d' o predeceo d' onde se copiou.

Sialgunha ves, cattivados noscentros pol-o notabre mérito que n-as producios d'o estimado colega todos reconecen, as reproducimos, coidaremos moito de qu' os caixistas non nos obriguen á dei far de cumplir co este que supofemos un deber.

#### PIGRAMA.

Eutru Beriuca de Sanchez  
A servir d' ama de cria  
C' uns señores de gran sona  
Que viven eiqui n-a vila.  
O pirmeiro que dixeron  
A coitada vaporiga  
Foi non falase esa fala  
Que temol-oso de Galicia.  
Y-éla d' estoneces cumprindo  
Como poido esa consina,  
Un dia que lle choraba  
A pequena señorita,  
Decíalle, aloumiliandoa,  
Garimosa e coitadina:  
— No llueres, niña, no llueres,  
Que eso n' impue ta una e'ina.

Manuel J. LEMA.

Sesion municipal ordinaria d'o lus.—Abert' a sesion ás cinco e media d' a tarde, e baixo a presidencia de don Tomas e co' asistencia de sete concexas, aprobous' a au-ta d' anterior.

Durant' a sesion, foron entrando algúis concexas mais hast' o número de doce, que pouc' a pouco tamen foron saliendo, non quedand' á derradeira, mais que cinco.

A comision d' hacienda, está conforme co-a conta de adiministracion, e propon se solicite d' o governo, o perdon d' esta deuda por corresponder ás cédulas que non se poideron cobrar n-os anos de 1868 á 69 e de 69 á 70. Foi aprobada a proposicion.

Concedouse licencia pra varias obras.

Dase leutur' á memoria e condicíos persentadas pol' a sociadá anónima d' alumbrado, pra facer un eñsaio d' alumbrado aléntrico n-as ruas siguientes: Sol, San Andrés, Barrera, Riego de Agua, Real e Cantós, empreando unha máquena de quince cabalos de forza, e tendend' os cabres e mais obras qu' haxa que facer cos empreados d'o municipio.

A comision de policia, autoriza que se lev' á cabo est' ensaio, e o municipio asi o aprobo.

*[Que anxelinos!]*

Leuse o pirmeiro capitalo d'o presoposto, o secretario falou pra decir, que non habendo cartos pra pagar os temporeiros, había desde pirmeiro de mes que ponel' os cadris a pista, pois o capitalo por donde cobraban non daba mais de si, e de que por consiguiente re-senterians' os traballos de secretaria, pois un dos oficiás de prantilla, había xa tempo es-aba enfermo e non podía asistir á oficina.

En esto nada s' acordou pois metérónse os concexas nunha descusión, sobre si se li' había d' aumentar o soldo o secretario, si o arquitecto estab' o igual do xe-fefe da ronda e si os médecos cobraban us mais qu' ou-tros debendo cobrar todol' o mesmo, si a categoría dos empreados, estaba no soldo ou na consideracion que se-lles garda, si había poucos concexas e si faltaba a maoria d'a comision da hacienda, si se había d' aprobar o capital ou a proposicion do señor Casares, si había con-cexas que querian com a ir o presupuesto e non estaban persentes. Tal lió s' armou que estante traballo desen-redalo, acordando por fin, que se convocase a sesion estraordinaria o miércoles, e que se discutise por articulos, como se debia facer desd' o comenzo,

O baixar as escaleiras, dixome un compaño.

— Si buscal' a míscca, póñoch' a sesion d' oxe en copras.

— Ven' a mostra

— Aló vai, anqu' e pragio.

Autamento coma este,

Non-o hai en toda España,

Pra aprobar un articulo

Nazasita unha semana.

IMP. DE A. AMENEDO PONTE.

Rua d' a Fita, núm. 7, Cruña

#### XASTRERIA DE JACINTO SEOANE

Cantón Pequeno, núm. 12, baixo

N-este establecemento confeccionase toda crá-de prendas de vistic pra señores e nenos, con arres gro ó tiltemo figurín d' a moda e co-a perfección, prontitú e economía que ten acreditado con seus numerosos parroquianos.

Cantón Pequeno, 12, baixo

## ANUNCEOS

**PAPELERIA. LITOGRAFIA**  
E OUXETOS D'ESQUIRTORIO  
**M. ROEL,**  
**54-Real-54**

Compreto sortido en toda crías de papés de flo pra oficinas—de folla longa pra preódecos e obras—bonidos papés pequenos e comercias pra cartas—tintas, apiceiros, prumas e canto fai falla n-o esquirtorios,—compretos y-alegantes útiles pra dibuxo, así como tamén articolos pra fumar.—Abondante sortido de libros moi cuquiños pra rezar n-a eirexa siñoras e siñoritas.—Libros con signideiros pra contas.

Ista casa conta n-o seu espacioso taller c'unha dúzia de rapaces, uns que rascan n-as pedras facendo boñitas cousas e os lapiceiros d' aceiro, y-outros que fan botar d'as máquinas follas abondo con vistosos coores; e o mesmo fanse traballos pra oficinas civiles e d' os corpos armados, papés o-os timbres moldeados; empresos pra contas, libros signideiros de mais ou menos follas, como fanse tamen moi boas TARXETAS brancas, de loito e con escudos d' armas ou outras alegorias. Etiquetínas pra os feires, botellas de viño, cervezas e gr'as tendas de medicinas. Letras de xiro, cartés, cartas co-a relacion empresa pra non ter qu' esquirbir tanto n-os comercios, esquellínas pra noticear casamentos, e outras cousas que por ser moitas se m' esquençen.

54, calle Real, 54—A Cruña

**MARIANO VAL E C.<sup>A</sup>**  
Santa Catalina, 17

**Viños d' Aragon, Castilla,  
Blanco Chiclana, Riveiro  
e Valdepeñas.**

Viños de mesa como élés n-os atopades n-o pobo, dan forza ós convalecentes, curan o cólera morbo, ós vellos dan longa vida, ás casadas dán refolgo e se contan moitos casos de rasucitar ós mortos. E o sacreto d' estas curas beber un neto d' un sorbo, e repitindo estas tomas pagar ben e pedir óutro. Pra pifar entre comidas o Chiclana é como un ouro, e onte un vello qu' o catou saleu d' ali feito un mozo. **NON MAIS CALVOS**, qu' este viñe fai medral-o pelo á moitos, si con magras de ramón dan unhas fregas ó estégamo.

  
**ZAPATERIA BRIGANTINA**

DOMINGO TENREIRO E COMP.

Rua da Iesa, 12—Betanzos

N-esta conocida tenda, á que xusta flan' abona, hay cauto a moda pertenda, bó e barato, iqu' é perbenda n-estes tempos, segun sona!

Hastra d'o confia d'a terra veñen aquí os materiais; e aqui, co-a rutina en guerra, faise o calzado, á compás d' as nociós qu' a cencia encerra.

Estética, Xeometría son mayestras n-o taller, director a Natomía, e dásse os pés outro sér e ó corpo mais gallardía.

**GRAN TINTORERIA D'O PALENTE**

Calle d' Orzan, 68

N-este acredetado establecemento tiñese de todolos colores e quitanse toda clás de manchas ás roupas, así de siñoras como de cabaleiros; ademais lávanse cobertos de lan, usados ou novos, dáselles o coor que queira e sácaselles o pelo; todo moi baratiño e co-a preferucion que ten acredetado.

NON ESQUENCERSE:—Orzan, 68, Cruña.



F. G. ACUÑA

ORBALLEIRAS  
poesías gallegas e castellanias

Véndese aquí

**A FULIADA.**

PREÓDECO SEMANAL D' ENTERESSES  
MORÁS E MATERÍAS.

Sal á lus todolos xueres

Precio de suscripción:—**OITO**  
cadelos pequenos ó mes

Número solto **UN** can grande

**EMPRENTA**

DE  
**A. AMÉNEDO PONTE**

R. XX d'A Fita, 21.º n.º 7

Faise aquí toda clás de traballos, ben e barato.